



Dicen que tus manos pican,
para mi son amorosas.
También pican los rosales
y de ellos sale la rosa.
También pican los rosales
y de ellos sale la rosa.

VI 888b

A cabeceira dun toxo.
A cabeceira dun toxo.
Algún día ben te quixen,
agora xa me das noxo.
Algún día ben te quixen,
agora xa me das noxo.

Heite de amar se non morro,
heite de amar se non morro,
na túa camiña nova,
déixame durmir un sono.
Na túa camiña nova,
déixame durmir un sono.

IV 299c

Fuches a Villagarcía,
fuches e non viches nada.
Non viches raialo sol
nunha mazán colorada.
Non viches raialo sol
nunha mazán colorada.

IV 1024e

Cuando pasé por tu puerta,
pedínche auga e non ma deches.
Cando pases pola miña,
hei facer como fixeches.
Cando pases pola miña,
hei facer como fixeches.